

Oración polos nosos pastores sacerdotes

Xesús, ti es o noso Bo Pastor, ti dás a vida por nós, vas diante e móstrasnos o camiño para seguir.

Queres que nos doia o clamor de tantos "descartados" que no mundo pásano mal e chámamos a crear a fraternidade universal superando o egoísmo e a pasividade.

Hoxe queremos rezar por tantos pastores que nos coidan, acóllennos e danse sen medida.

Pedímosche especialmente polos sacerdotes, e dunha maneira especial polo noso.

Págalle en abundancia o seu servizo á nosa familia de cristiáns, a parroquia.

Dálle forzas para que nos siga anunciando o Evanxeo.

Bendíó por responder á túa chamada, cando aínda era un rapaz.

Descúlpalle os seus fallos e debilidades.

É un home, si, pero toca cousas divinas e fálanos no teu nome cando consagra ou cando ofrece o perdón.

Reforza a súa entrega cunha alegría e unha felicidade cada vez maiores.

Axúdao, Xesús, a acompañarnos na procura de Deus no medio da vida, a enchernos de esperanza nos momentos duros, a consolarnos e a asistírnos na enfermidade.

Dálle a túa bendición, Xesús.



A CRUZ DE FRANCISCO

O Espírito (pomba) regálanos os dons e carismas que nos complementan e unen. O rabaño é o pobo de Deus que segue a Cristo no seu camiñar. Cristo, o bo Pastor, que dá a vida e recolle a ovella extraviada



XESÚS, BO PASTOR, lévame sobre os seus ombreiros e aliméntame co seu amor

Pascua 4º

FEITOS 4, 8-12: *Non hai salvación en ningún outro.*

Naqueles días, cheo de Espírito Santo, Pedro dixo: «Xefes do pobo e anciáns: Porque lle fixemos un favor a un enfermo, interrogádesnos hoxe para pescudar que poder curou a ese home; quede ben claro a todos vós e a todo Israel que foi o Nome de Xesucristo o Nazareno, a quen vós crucificastes e a quen Deus resucitou de entre os mortos; por este Nome, preséntase este san ante vós. El é “a pedra que refugastes vós, os arquitectos, e que se converteu en pedra angular”; non hai salvación en ningún outro, pois baixo o ceo non se deu aos homes outro nome polo que debamos salvarnos». *Palabra do Señor.*

SALMO 117: *A pedra que desbotaron os arquitectos é agora a pedra angular.*

I XOÁN 2,1-5: *El é vítima de propiciación polos nosos pecados e tamén polos do mundo enteiro.*

XOÁN 10, 11-18: *O bo pastor dá a súa vida polas ovellas.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús:

Xesús: -«*Eu son o Bo Pastor. O bo pastor dá a súa vida polas ovellas; o asalariado, que non é pastor nin dono das ovellas, ve vir ao lobo, abandona as ovellas e foxe; e o lobo róubaas e as dispersa; e é que a un asalariado non lle importan as ovellas. Eu son o Bo Pastor, que coñezo ás miñas, e as miñas coñécenme, igual que o Pai me coñece, e eu coñezo ao Pai; eu dou a miña vida polas ovellas. Teño, ademais, outras ovellas que non son deste curro; tamén a esas téñoas que traer, e escoitarán a miña voz, e haberá un só rabaño e un só Pastor. Por isto ámame o Pai, porque eu entrego a miña vida para poder recuperala. Ninguén ma quita, senón que eu entrégoa libremente. Teño poder para entregala e teño poder para recuperala: este mandato recibín do meu Pai*». *Palabra do Señor.*

(Narrador-Xesús)



JESÚS, BUEN PASTOR
me lleva sobre sus hombros
y me alimenta con su AMOR

Oración

El Señor es mi pastor, nada me falta:
en verdes praderas me hace recostar;
me conduce hacia fuentes tranquilas
y repara mis fuerzas;
me guía por el sendero justo,
por el honor de su nombre.

Aunque camine por cañadas oscuras,
nada temo, porque tu vas conmigo:
tu vara y tu cayado me sosiegan.
Preparas una mesa ante mí,
enfrente de mis enemigos;
me unges la cabeza con perfume,
y mi copa rebosa.

Tu bondad y tu misericordia
me acompañan todos los días de mi vida,
y habitaré en la casa del Señor
por años sin término

XESÚS, BO PASTOR, lévame sobre os seus ombreiros e aliméntame co seu amor

1. VER: Os bos pastores

- Todos coñecemos o oficio de pastor. Os pastores coñecen ás súas ovellas, acompañanas, deféndenas, búscanlles os mellores pastos e as mellores fontes, cóidan as enfermidades e facilítanlles a vida. Na época de Xesús, na súa terra, tamén había moitos pastores, e nas páxinas da Biblia aparece a miúdo este oficio.

Que fan os pastores? Sabedes cando un é mal pastor?

2. XULGAR: Xesús é o Bo Pastor

- Xesús fálles do que é El: *“eu son o bo pastor... DOU A VIDA polas miñas ovellas... Eu coñezoas e elas coñécenme...”*.

O bo pastor, evanxeo subtítulado, debuxos: <https://youtu.be/Z8SqXwaZA4M>

QUE NOS QUERE DICIR?

- Se os tres domingos pasados os evanxeos falábanos das aparicións, os tres seguintes fálannos de **que é Xesús**: é o bo Pastor, o Baceo e o Amor.
- Hoxe lémbraos **que é o Bo Pastor en contraposición aos malos pastores** que abandonan e foxen ao ver que vén o lobo, non se compromete con elas.
- Dinos o debuxo de Fano que Xesús é o Bo Pastor porque **“me leva sobre os seus ombreiros”**: cando me canso, cando me perdo, cando me vou da súa casa trátame con agarimo, con misericordia. E porque **“me alimenta co seu amor”**: vive pendente de min porque me quere, deu a súa vida por min e dáme o seu alimento na eucaristía, nos sacramentos.
- Xesús é tamén o bo Pastor porque **me coñece** polo meu nome e ademais dóelle que haxa ovellas que **abandonaron o seu curro** e se esquezan del, por iso conta con que nós o axudemos a recuperalas.

Alex Navarro M., 4º Pasc. B, Cousas de Deus, reflexión: <https://youtu.be/watch?v=8lpEd-077Jo&t=265>

Agradeces a Xesús que sexa o teu Pastor? Como?

3. ACTUAR: Necesitas enerxía renovable

- Aprende e reza o salmo 22: “O Señor é o meu Pastor nada me falta”.
- Reza polos pastores de hoxe, os sacerdotes, os que te coidan, os que te queren.
- Aprende ben o oficio de coidar aos que ten á beira e pregunta ao teu catequista que tarefas pastorais hai na parroquia e como colaborar.

Que imos facer?

O Señor é o meu pastor, Nico Montero, canto: <https://youtu.be/watch?v=yIMiQP3F8Xg>